


ultreya



I.^a Xeira Docente
VIGO-Agosto-1933
Colexio Labor

F-15897



VIGO

VIGO - April 1933


Colony 13



UN DOS FINS que mais preocupan a ULTREYA e aos que adica os seus mais afervoados esforzos, é a intensificación i-espallamento da nosa cultura. Maxinando nelo, decidíu orgaizar unha xeira en tres estadas que se desenrolará en Vigo, no Colexio Labor, do 1 ao 30 de agosto do 1933.

Especialmente chamamos a ela aos mozos galegos, oxe coma endexamáis inquedos por restaurar a groriosa Galicia doutrora, arelantes coma nunca por intensificar no noso país aquela espréndida labareda de sabencia que un tempo alomeou aos mais sensibilizados espiritos de occidente. Certos da outa efectividade das leccións que nesta xeira hanse ditar, convidamos tamen a ela a cantos, galegos ou non, sintan verdadeiro interés pol-os fondos problemas da nosa cultura.

Percurando que esta nosa xeira teña maor categoria centífica, poñémola en mans do Seminario de Estudos Galegos; él desñará os profesores que han rexila e dará o certificado de curso aos asistentes.



Colexio Labor



UNIVERSITY OF CALIFORNIA

O SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS acordou por unanimidade na súa xuntanza de 7 de marzal do 1933 aceptar compracidísimo a invitación feita pol-o Consello de ULTREYA, a cuia orgaización rende as mais afervoadas gabanzas, desñando pra espricar na súa xeira docente de agosto aos seus membros os profesores seguintes:

D. RAMON OTERO PEDRAYO Profesor e Director do Instituto de Ourense. Director da Sección de Xeografía do Seminario de Estudos Galegos.

D. VICENTE M. RISCO, Profesor da Escola Normal de Ourense, Director da Sección de Etnografía do Seminario.

D. RAMON MARTINEZ LOPEZ, Profesor do Instituto de Lugo, adido no Instituto Hespáñol de Lisboa. Conselleiro do Seminario.


D. XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE, do Instituto de Pontevedra, Director da Sección de Historia da Literatura Galega do Seminario.

D. XESUS CARRO, da Academia de Belas Artes. Director da Sección de Arte i-Arqueoloxía do Seminario.

D. SEBASTIAN GONZALEZ GARCIA-PAZ, da Universidade Compostelán, Segretario xeral do Seminario.

Condições

- 1.º—Esta xeira desenrolarase do 1 ao 30 de agosto do 1933 no Colexio Labor de Vigo. Comporase de tres estadas: na primeira, do 1 ao 10, espricarase Historia e Xeografía de Galiza; na segunda, do 10 ao 20, Lingoa e Literatura galegas; na terceiro, do 20 ao 30, Arqueoloxía e Arte galegos.
- 2.º—En cada estada ditaranse dúas leicións unha na mañan, e outra na serán. Con caracter vountario realizaráanse excursións ao castelo de Monterreal, i-escavacións do Tegra e Tui, excursións que se teñen de repetir en cada unha das tres estadas.
- 3.º—Pra esta xeira admitense asistentes internos i-esternos. Os internos, que se domiciliarán no propio Colexio Labor, abonarán, comprendida matrícula e mantenza, sesenta pesetas, por cada estada. Os esternos abonarán por dereitos de matrícula vinte pesetas por cada estada. O esterno que se matricule nas tres estadas satisfará cincuenta pesetas pol-as cento vinte leccións.
- 4.º—Os dereitos satisfaránse ao inscribirse na matrícula. Esta ten de se solicitar do Consello de ULTREYA (Labor Galega de Pontevedra) directamente ou por meio das delegación de ULTREYA, do Seminario de Estudos Galegos ou do propio Colexio Labor. O prezo de inscrición remata o día 20 de Xulio.
- 5.º—O número de inscricións é limitado. Terán dereito preferente na inscrición os alumnos do colexio Labor os ULTREYA e os membros do Seminario de Estudos Galegos.
- 6.º—No Colexio funcionará diariamente un restaurant. Os esternos que deseen ficar a xantar nele, terán de advertilo na véspera.
- 7.º—Os dous profesores encargados de cada estada vivirán de cotío no Colexio.
- 8.º—Aituará de Segretario da xeira D Xurxo Lourenzo (Segretario do Seminario de Estudos Galegos—Pazo de Fonseca--Compostela) a quen se poden faguer cantas consultas se apresenten.



O Colexio Labor

Unha verdadeira cultura ten de se basare esencialmente no coñecimento do popio; primeiramente é o coñocermos a nós mesmos.

Temos de saber ben a nosa xeografía, a nosa língoa, a nosa historia, o desenrolo das nosas artes, das nosas institucións.

Temos de saber o que se fixo hastra nós, pra poder continuar o noso roteiro en prena conciencia dos nosos destiños.

O idioma é a columna vertebral dun pobo.

O idioma é a columna vertebral dun pobo.

Nós temos de saber ben o galego si queremos continuar a nosa groriosa tradizón literaria, si queremos manter inconfundibre a nosa persoalidade, si queremos ter unha categoría na xuntanza dos pobos cultos.

Saber ben o galego, non escriue saber calquer outro idioma do mundo.

PROGRAMAS

PRIMEIRA ESTADA

(Do 1 ao 10)

Xeografía e Historia de Galicia

XEOGRAFIA DE GALICIA

Espricará Xeografía de Galicia o Prof. *Otero Pedrayo* en lección diaria según o seguinte programa:

- I.—Introducción.—Galicia Xeográfica.—Bibliografía xeográfica e cartográfica.—As rexións naturais.
- II.—A paisaxe como síntesis dos problemas xeográficos.—Plan e método de este curso.
- III.—A Galicia de N. E.—Liñas xeraes do releve.—As terras de Lourenzán e Fonsagrada.—Formas de poboación e rexións naturais.
- IV.—A Galicia do S. E.—O Val do Sil e as montañas centrais.—Estudo particular da Limia.
- V.—A Galicia do N.—Liñas xeraes do contorno e do releve.—O val do Eume, a rexión litoral: Terras de Viveiro e Ortigueira.
- VI.—A Galicia do N. W.—Características xeraes.—A costa das Mariñas.—Terras de Bergantiños, Soñeira, etc.
- VII.—A Galicia central.—Os seus elementos e características xeraes.—O outo Miño, a terra chá.—Os outos Tambre e Ulla.—Terras de Deza a Melide.
- VIII.—O Miño central e os seus vales.—Lei dominante no releve.—A Galicia do Sul.
- IX.—A Terra de Montes e as serras divisorias das Rías Baixas e o Miño inferior.—O baixo Tambre: rías de Muros e Noia. A Barbanza. O val Ulla: a ría de Arousa. O Salnes —O val de Lerez e a ría de Pontevedra.
- X.—O Morrazo.—A ría de Vigo.—O Miño inferior —O litoral do Silheiro ao Trega.—Final.

2 8 0 9 1 5 1 2
PRIMERA ESTADA

HISTORIA DE GALICIA

Espricará Historia de Galicia o prof. *Vicente Risco*, en dobre lección diaria, según o seguinte programa:

- I.—Introducción.—As fontes de Historia de Galicia.
- II.—Os Oestrymnios.
- III.—Os Celtas.
- IV.—Os románs.
- V.—O Evanxeo.—A predicación de Santiago.
- VI.—O Priscilianismo.
- VII.—Os sucvos, os godos, os árabes e os normandos.
- VIII.—A era compostelán.
- IX.—O Feudalismo e as irmandades.
- X.—Decadencia e rexurdimento da Galicia.

SEGUNDA ESTADA

(Do 10 ao 20)

Lingoa e Literatura Galegas

LINGOA GALEGA

Espricará lingoa galega o prof. *Martínez López*, en leición diaria, suxe-
tándose o seguinte programa:

- I.—O idioma galego. Oríxens i-espansión.
- II.—Características do noso idioma na filoloxía, na vida e no arte.
- III.—Situación do idioma no mapa lingüístico neo-latino: o galaico-portugués.
- IV.—Elementos constitutivos da nosa morfoloxía gramatical.
- V.—Mecánica gramatical do verbo galego.
- VI.—Sintaxis.
- VII.—O galego antigo (sec. XI a XVI).
- VIII.—O idioma nos precursores.
- IX.—O galego actual
- X.—Traballos en col de filoloxía galega Gramáticas e dicionarios. Estado actual destes estudos.

LITERATURA GALEGA

Espricará Literatura o prof. *Filgueira Valverde* en lección diaria, suxeitándose ao seguinte programa:

- I.—O lirismo galego primitivo. Tesis sobre as orixens da nosa poesía.
- II.—Os Cancioneiros.
- III.—Poetas dos Cancioneiros. Trovadores, segreles, xogares.
- IV.—Lírica relixiosa e narrativa: As Cántigas de Santa María.
- V.—Postrimerías da nosa escola lírica.
- VI.—Evolución da prosa medieval galega.
- VII.—A decadencia da literatura galega. As letras galegas no século XVIII e comenzos do XIX.
- VIII.—Proceso histórico do rexurdimento.
- IX.—A lírica na renacemento literaria galega: Pondal, Rosalía Castro, Curros Enríquez, Lamas Carvaxal.
- X.—A prosa galega no rexurdimento. As letras galegas de hoxe.

TERCEIRA ESTADA

(Do 20 ao 30)

Arqueoloxía e Arte Galegas

ARQUEOLOXIA GALEGA

Espricará Arqueoloxia o prof. *Carro* en leición diaria suxetándose ao seguinte programa:

- I.—Fontes, Formas de estudar un ouxeto de arte. Noción das artes crásicas.
- II.—Análisis das arquitecturas visigótica e mozárabe. Artes menores.
- III.—Análisis da arquitectura relixiosa románica.
- IV.—A catedral de Compostela e as outras catedrales da Galicia. Os mosteiros.
- V.—Análisis das arquitecturas civil e militar románicas. Artes menores románicas.
- VI.—O pórtico da Groria e a súa influencia na Galicia.
- VII.—Análisis de arquitectura relixiosa gótica.
- VIII.—As arquitecturas civil e militar no gótico. Artes menores góticas.
- IX.—Análisis da arquitectura do renacemento. As artes menores.
- X.—Análisis da arquitectura relixiosa barroca, Arquitectura civil e militar barroca.

ARTE GALEGO

Espricará Arte Galego o prof. *Sebastian Gonzalez* en leición diaria, suxeitándose ao seguinte programa:

- I.—Visión xeral do arte na Galicia e direccións que a determinan. Galicia no arte dos pobos atránticos.
- II.—A cultura dos castros.
- III.—O arte no outo meioevo.
- IV.—Arquitectura románica.
- V.—O gótico das ordens mendicantes. O gótico serodio.
- VI.—O primeiro renacemento: a influencia castelán.
- VII.—O barroco deica Domingo de Andrade.
- VIII.—O barroco compostelán e os seus mestres.
- IX.—A decadencia do barroco e as novas normas académicas.
- X.—A volta á idade meia. Outras correntes do século XIX. O rexurdimiento das nosas artes.




Foto Sarabia

Colexio Labor.—O Parque

Alguén dixo: por que amo aservoada-
mente á miña patria son capaz de sentir e
de amar a total-as terras do mundo.

Amemos a Galiza con toda a nosa yalma
que elo non escriue o amor a calquera outra
nazón do Universo.

O amor fará nos eficaes. Pol-o amor fare-
mos unha Galiza leda, forte, poderosa, felis:
a Galiza que soio enton ficará en condicións
de ser útil a calquer outro pobo.

REAL ACADEMIA
GALEGA

F 15897

Vigo
Com. de José Benavente, 8-10

Talleres Tipográficos de Xulio Antón. — Pontevedra

A. Henrique Benavente Amos
Benavente Galego

